

Elabora unha composición explicando as características económicas e sociais da España borbónica e a súa evolución durante o século XVIII. Debes salientar:

1. As peculiaridades rexionais no que atinxe aos diferentes sistemas agrarios, sectores protoindustriais e despegue comercial.
2. Os obxectivos das reformas económicas e sociais que pretenderon aplicar os ilustrados españois dende os gobernos borbónicos: a correspondencia daquelas coas teorías económicas da época e as consecuencias das mesmas.

Docto. 1: D. **Pedro Rodríguez Campomanes**, *Memorial Axustado*.

“Os nosos políticos creron que a lexislación se ten que ocupar únicamente de abaratar o gran e de favorecer ó consumidor. Se o labrador fose estranxeiro sería unha grande idea, pero pertencendo ó reino os labradores, a obriga de soste-lo prezo dos produtos acaba provocando o estancamento da agricultura ó non deixar que estes acaden o seu valor natural [...] A verdadeira causa pola que non hai fábricas florecentes en España nace da tenacidade coa que se restrinxen a libre circulación dos produtos da agricultura e a súa xusta estimación, o que é causa do empobrecemento xeral”.

Docto. 2: Pedro R. **Campomanes**, *Discurso sobre o fomento da industria popular*.1774 [cast.]

1. En primeiro lugar, os párrocos deben exhortar aos seus fregueses, segundo a calidade do país e colleita do seu material, a empregarse na industria máis apropiada para el. Así fano nalgunhas partes de Francia; e en Rusia tomaron este camiño para facer coñecer ao pobo ignorante o que lle convén. Esta instrución é unha obra de caridade, pero antes de podela repartir os cregos e demais eclesiásticos, deben instruírse eles mesmos destes principios e máximas nacionais. O pobo respéctaos polo seu carácter sacerdotal, e escoitaraos coa maior atención.
2. Os cabaleiros e xentes acomodadas poden auxiliar aos seus rendeiros; e nesta protección recollerán rapidamente o beneficio, porque venderán mellor os seus froitos; medrará a poboación; e as terras cultivaranse mellor. A riqueza é o sobran-te do necesario para o sustento do pobo. Se este permanece ocioso e pobre, pouca pode ser a riqueza dos nobres.

Docto. 3: Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo, *Informe*, 1786 [trad. do orix. en castelán].

Desde o seu establecemento... non deixou de promover por todos os medios posibles os seus obxectivos, verificando especialmente o cumprimento dos traballos de fiadas a torno, finura e branqueo de lenzos, plantío de moreiras e outros vexetais, fomento das fábricas, escola da doutrina cristiá e primeiras letras, ofrecendo e dando premios en agasallo das artes, inventos e memorias de mérito, facilitando e pagando o desaugadoiro e seca dunha lagoa perto desta cidade que non só a infesta, senón que estorba un terreo propicio para unha fermosa alameda.

Docto 4: G. M. de **Jovellanos**, *Memorias sobre la instrucción pública*.

“... Onde a propiedade individual está acumulada en poucas mans e dividida en grandes sortes, e onde o cultivo destas sortes corre a cargo dos seus donos, a que poderá aspirar un pobo sen educación, senón á servil e precaria condición de xornaleiro? Ilustrádeo, pois, nas primeiras letras, e refundide nelas toda a clase de educación que convén a súa clase. Elas serán daquela a verdadeira educación popular. Abrídelle así a entrada ás profesións industriosas e poñédea nos sendeiros da virtude e da fortuna”.

Docto 5: V. **Alcalá Galiano** (secretario da Sociedad Económica de Segovia), *Defensa dos produtores fronte aos privilexios*.

“Quen ten máis dereito á estimación pública: un artesán honrado que gaña o pan que sustenta a súa familia ou un noble que o mellor que fai é vexetar, entregado a unha perpetua indolencia? ... Non estamos xa naqueles tempos nos cales a forza do brazo e o manexo da lanza e o cabalo decidían todos os pleitos, nos que era necesario que a nobreza non se dedicase ás ocupacións viles e mecánicas. No presente as nacións máis industriosas son as máis valentes, por iso é forzoso que demos honras e exencións aos nosos fabricantes senon queremos depender do estranxeiro”.

Docto 6: *Estatutos da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela*, 1784.

“1. A Sociedade Económica de Amigos do País terá por obxectivo mellorar a industria popular e os oficios, auxiliar no seu ensino, divulgar os segredos das artes, anunciar a pesca na súa dilatada costa, a agricultura e a cria de gando, procurando que se quiten os atrancos aos adiantos de todas esas cousas... e finalmente proporcionar aos habitantes de Galicia os medios para que poidan vivir do seu traballo, afeccionándoos a el, e facendo o imposible para que non lles falte onde empregalo.

2. Promoverá e adiantará a educación da xuventude de todas clases.
3. E procurará a erección e bo réxime das escolas patrióticas.

Docto 7: Real Cédula de Carlos III concedendo o Consulado Marítimo e Terrestre á Coruña (1785).

“I. O Consulado estará formado por comerciantes ao por maior e mercadores... donos de fábricas considerables e propietarios de embarcacións...

LIV: O Consulado acordará os medios máis conducentes ao establecemento de escolas de comercio, Agricultura e Debuxo, e, especialmente, dun Colexio de Ppilotaxe e Mariñeiría... Tamén contribuirá a fornecer os medios máis rápidos e axeitados para limpar a ría, concluir a obra do dique e facilitar as demais que se precisen para mellorar o porto”.

5ª. Procura información no libro de texto e na Rede sobre a importancia que tiveron as Reais Sociedades Económicas de Amigos do País na aplicación de medidas reformistas da economía e da sociedade españolas durante os séculos XVIII e XIX. Toma como exemplo a [RSEAM da cidade de Santiago](#). Resume os resultados no espazo asignado.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

6ª. Procura información no libro de texto e na Rede sobre a relación entre o Consulado da Coruña e a [Ilustración galega](#), salientando as achegas reformistas de [José Cornide](#), Lucas Labrada e outros persoeiros relevantes.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

7ª. Procura información na Rede sobre o científico e mariño [Jorge Juan](#) e súa relación co Ferrol da Armada e da Ilustración.